

NOTA
CONFERENCIA DE DARINA MARTYKANOVA

Data: 19/01/2023

Título: Héroe y víctima. El médico rural en el discurso corporativo de los médicos en el siglo XIX

Relatora: DARINA MARTYKANOVA

Hora: 12 h

Lugar: Seminario 103, CISPAC. Edificio Fontán



Darina Martykánová é historiadora especialista na historia das profesións tecnocientíficas (enxeñeiros e médicos) e na produción e circulación transnacional de coñecementos técnicos e científicos. Ademais, investiga sobre as masculinidades e o discurso do progreso e da civilización. En canto ás áreas xeográficas, o seu traballo céntrase sobre todo en España e o Imperio Otomán, con incursións ocasionais noutras zonas. É licenciada en Turcoloxía – Historia e cultura dos países islámicos pola Universita Carolina de Praga e doutora europea en Historia Contemporánea pola Universidade Autónoma de Madrid. Desde o ano 2014, é profesora no Departamento de Historia Contemporánea da Universidade Autónoma de Madrid. Traballou na Universidade de Potsdam (Alemaña, 2010-2012), na École des Hautes Etudes en Sciences Sociales (Francia, 2012-2013) e no Instituto de Filosofía do CSIC (España, 2013-2014). Ademais, realizou estancias breves na Universidade de Istambul (Turquía), no Forschungszentrum Europäische Aufklärung (Potsdam, Alemaña) e na Univerzita Karlova (Praga, República Checa). É autora do libro *Reconstructing Ottoman Engineers. Archaeology of a Profession (1789-1914)* (2010) e, xunto con Saúl Martínez Bermejo e Momir Samardžić, codirixiu o libro *Layers of Power: Societies and Institutions in Europe* (2010).

Máis Información:

<https://histagra.usc.es/es>

histagra@usc.es. Tel. 881971010



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"